




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Conservación da Natureza

San Lázaro, s/n

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



INFORME DE REVISIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO "REFUXIO DE ANIMAIS VAGABUNDOS OU ABANDONADOS DE O CARBALLIÑO"

Unha vez revisado ó Proxecto Técnico presentado para a execución dun Centro de Recollida de Animais Vagabundos ou Abandonados no Concello de O Carballiño, co obxecto da posta en marcha do especificado no convenio asinado coa Consellería de Medio Ambiente, comunícolle que **o proxecto foi considerado viable por esta Dirección Xeral** inda que será necesario facer as modificacións que se citan a continuación para garantir o cumprimento do **artigo 36º, 43º e dos artigos do 53º ó 60º** do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolver a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia. Por ditas razóns, estas modificacións deberán ser incluídas no proxecto e presentadas nesta dirección **no prazo de dous meses desde a recepción desta carta**, xunto coa documentación que se cita na mesma para poder proceder, unha vez finalizada a inversión, ó pago da subvención concedida.

- **A disposición do pavimento de todos os recintos para albergar animais deberá presentar unha lixeira inclinación ata os desaugadoiros.** Esta disposición é necesaria e imprescindible para garantir a hixiene das instalacións.
- **Os pavimentos das superficies destinadas ó contacto cos animais (refuxios, patios, etc...) deberán proporcionar un ambiente hixiénico, protexer dos posibles riscos ós animais e facilitar a aplicación de medidas zoonosanitarias.** Pola información proporcionada, enténdese que o recubrimento único utilizado na pavimentación de albergues e patios é soleira de formigón en masa H-15. **Este debería ser pulido ata acadar unha superficie lisa, non porosa e impermeable que facilite a limpeza e desinfección das instalacións, así como preveña a formación de úlceras por abrasión nos animais (de frecuente presentación no contacto directo con cemento rugoso).** Outra opción podería ser a utilización dun recubrimento impermeable con pintura ou outros materiais antideslizantes non porosos.
- **As superficies dos edificios dedicados ó uso do persoal tamén deben de contar cunha superficie non porosa e impermeable para a correcta desinfección.** O mesmo tempo, esta non debería ser esvaradía para previr caídas do persoal.
- **Deberá demostrarse a potabilidade do subministro de auga.** A auga dispoñible no recinto parece proceder dun pozo e non do subministro de auga municipal. Por esta razón, deberase aportar análises de auga que demostren a súa potabilidade.



- **A presión de auga debe de ser suficiente para permitir a limpeza e desinfección dos locais.** Por esta razón, deberase reflexar por escrito a altura á que se prevé colocar o depósito de auga (tendo en conta que deber ser suficiente para proporcionar presión a saída de auga) ou describir outros métodos que se prevé utilizar para a limpeza profunda das instalacións (máquinas de limpeza a presión...).
- **Non deberán de existir vivendas nin outros recintos que alberguen animais domésticos nin salvaxes en cativeiro nas proximidades do refuxio.** No proxecto non se fai mención á localización do refuxio con respecto a outras propiedades, inda que no plano presentado non parecen existir outras construcións na periferia do refuxio.
- Por outra banda, deberá presentar a **documentación correspondente á inscrición do establecemento no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro** (conforme ó establecido no artigo 33º do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección ade animais domésticos e salvaxes en cativeiro) que é a que se detalla a continuación:
 1. **Solicitude de inscrición** no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro.
 2. **Documento acreditativo do titular ou da representación**
 3. **Xustificante da titularidade** do establecemento ou da dispoñibilidade do terreo.
 4. **Licenza municipal de actividade** ou **acordo municipal** no que se concede a mesma.
 5. **Informe técnico-zoosanitario** con referencia ás esixencias que se detallan no artigo 36º (desenvolvendo apartado por apartado), subscrito por un veterinario (futuro responsable do establecemento). Deberanse incluír tamén as especificacións recollidas nos artigos 29º, 30º, 41º, 42º, 45º, 53º, 56º, 57º, 58º e 59º. Neste apartado, deberase **incluír a cantidade máxima de animais que se prevé albergar no refuxio.** Para evitar a saturación das novas instalacións ó pouco tempo da súa inauguración, é importante que esta cifra sexa correlativa co número de animais abandonados recollidos na actualidade polo Concello do Carballiño. A cifra media de animais recollidos no Concello por mes deberá tamén estar en consonancia co número de **canceiras de corentena** que se prevé construír. Tendo en conta que un animal receen admitido debería de permanecer en corentena 20 días, o número de **canceiras de corentena** presentado permite sómente a **admisión de 6 a 9 cans por mes.** Se o número de cans admitidos é superior a estas cifras, débese considerar a ampliación presente ou futura das



canceiras de coretena. Tamén débese indicar neste apartado o número de cans que se prevé aloxar en cada recinto comunitario e no total dos caniles existentes, así como o número de cachorros e gatos nas correspondentes instalacións.

Toda información e documentación relativa a inscrición dun Establecemento no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia encóntrase na páxina web da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible <http://www.xunta.es>

A continuación, engádense, así mesmo, algunhas modificacións e melloras que sería recomendable executar no proxecto para facilitar o manexo e xestión do refuxio, inda estas que non son imprescindibles para consideración de viabilidade e autorización do mesmo:

- **É recomendable o mantemento dun peche perimetral opaco na súa totalidade** xa que se ten coñecemento de experiencias anteriores desafortunadas noutros recintos con peches non opacos, entre as que se atopá o roubo de cans. Na memoria presentada, descríbese a composición do peche do refuxio a base de bloques de formigón ata 1 m de altura sobre o que se dispón un cerramento metálico superior de 1,2 m, acadando así un peche de 2,2 m de altura non opaco na parte alta. En conversacións con persoal do Concello de O Carballiño responsable da xestión do refuxio e execución do proxecto, explicouse que este tipo de estrutura está presente unicamente nos tres laterais nos que o refuxio limita con outro terreo xa pechado e tamén propiedade do Concello de O Carballiño. Así mesmo, mencionouse na mesma conversación que o único lateral do recinto que limita con terreo aberto está pechado por unha estrutura opaca formada por bloques de formigón ata 2 m de altura. Esta peche considérase apto tendo en conta os distintos límites do refuxio pero debería expoñerse por escrito tanto as diferenzas en composición do mesmo como en propiedades lindeiras.
- **É recomendable contar cunha instalación de cociña para a preparación e almacenamento de alimentos, así como lavado e desinfección dos bebedeiros e comedeiros.** A realidade é que moitos albergues, aínda que se prevexan alimentar os animais a base de alimento seco comercial, reciben a miúdo doazóns de alimento fresco. Por esta razón, é importante contar con facilidades para cocinar, así como con unha cámara frigorífica e/o de refrixeración para manter estes materiais. É importante considerar tamén lugares de almacenamento (armarios, contedores, etc....) para alimento de longa duración como alimento seco para cans e gatos, arroz, alimento enlatado, etc...

Handwritten notes:
Número de cans...
Número de cachorros...
Número de gatos...
Cans




- **Así mesmo, é recomendable a disposición dunha billa entre as instalacións de coretena e animais enfermos para o lavado e desinfección de mans do persoal despois da manipulación destes cans.**

O que lle comunico ós efectos oportunos,

Santiago de Compostela, a 26 de xullo de 2006

O SUBDIRECTOR DE ESPACIOS NATURAIS E BIODIVERSIDADE



Fdo: Rogelio Fernández Díaz